

## **EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS**

(Deixo os enlaces ás cancións)

### **UNHAS CANCIÓNS PARA COMEZAR O DÍA**

BOS DÍAS <https://www.youtube.com/watch?v=xkSob4DrQm0>

CANCIÓN DÍAS DA SEMANA <https://www.youtube.com/watch?v=v7mm8MC1MgY>

CANCIÓN MESES DO ANO <https://www.youtube.com/watch?v=MEkFSe01-hY>

AS VOGAIS <https://www.youtube.com/watch?v=dliQADV0ZBM>

OS NÚMEROS <https://www.youtube.com/watch?v=gqpgZBtUt78>

### **ALGUNHA CANCIÓN SOBRE O TEMA**

AS MANS: <https://youtu.be/aRyo-BK9rdA>

<https://youtu.be/EtVYkMXQ7rE>

O CORPO: <https://youtu.be/fbFM9leioTM>

<https://youtu.be/p99I3wlyujE>

### **O CONTO**

SEGUIMOS TRABALLANDO SOBRE O CONTO:

“AQUILES O PUNTIÑO” <http://www.kalandraka.tv/gl/video/aquiles>

### **ACTIVIDADES**

Pois para esta última semana de abril vou propoñervos uns experimentos para rematar canda este mes os traballos co conto de Aquiles.

Como a semana pasada comezamos polo final do conto, agora vamos ir cara adiante, experimentando con esas partes do noso corpo que Aquiles se quixo debuxar: OLLOS, ORELLAS, NARIZ, BOCA, MANS.

#### **1- VER:**

Voltamos a ver o conto... seguro que nos gusta, e vamos fixándonos nas cores de Aquiles, Vermello (ou rojo)... Amarelo (ou amarillo)... Azul... Verde... Negro...

Agora podemos xogar ó “Vexo Vexo”, coas cousas que temos na casa, mirando pola fiestra ou cando vaíamos dar un paseo agora que xa podemos todos.

2- **ESCOITAR:**

Ó mesmo tempo que vemos o conto tamén o escoitamos.

Pero agora podemos concentrarnos só no que escoitamos, pechando os ollos.

Que escoitas?... A lavadora lavando, a tele, os coches pola rúa, a música que está poñendo alguén...

Podemos escoitar as cancións das rutinas, números... que nos encantan.

3- **ULIR:**

Aquiles quixo un nariz...nós tamén temos...pois vamos identificar distintos cheiros. Non hai que facer nada especial, simplemente ir cheirando as cousas cotidianas:

Os champús, geles, colonias... do baño.

Os ingredientes que usades para cocinar: aceite, vinagre, especias.. . As bebidas. A comida recién feita.

Cando saídes fora ou abrides a ventá. A que cheira???

E que cada un opine o que máis lle gusta ou o que menos.

3- **SABOREAR:**

Contrastar distintos sabores.

En dous pratos poñemos azucre e sal.... Probamos e vemos a reacción... aparentemente son iguais, pero o sabor... que expliquen.

Seguimos probando e vendo reaccións, co limón, co chocolate negro, con un doce...

4- **TOCAR:**

Iremos comparando cousas que todos temos pola casa, usando as nosa pel, anque case sempre sexa coas mans:

-O algodón suave e o “estropajo” áspero.

-Un coxín blando e unha “silla” dura.

-Auga quente e auga fría.

E así co que se nos ocorra.

Tamén vos propoño un xogo para o que necesidades simplemente:

-Unha caixa.

-Obxectos que teñades pola casa.

Metedes os obxectos na caixa e deixades un burato para meter a man...

Que é o que estamos tocando?, temos que adiviñalo antes de sacalo da caixa.

A ver quen é o que acerta máis obxectos.

## **TRABALINGUAS**

Esta semana a actividade común para Infantil van ser OS TRABALINGÜAS.

Tedes todas as tarxetas no documento titulado Fichas adiviñanzas, exercicio que sacamos da páxina de Orientación Andújar.

A ver como nos saen....

## **FOTOS.....**

Desas experiencias d@s nen@s